



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A xestión do mecanismo de recuperación e resiliencia e os plans de prevención da fraude, a corrupción e o conflito de intereses

CONVOCATORIA: 1ª Convocatoria formación continua IEP

GRUPO: Economía Pública (Formación Continua)

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2024
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 23/02/2024 - 09:00h ao 04/03/2024 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O curso persegue proporcionar ao alumnado os coñecementos básicos e necesarios sobre os principios e o modelo de xestión dos fondos europeos que integran o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, especialmente o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

A maiores, como consecuencia da importancia que teñen hoxe en día a configuración de políticas antifraude, constituíndo a prevención da fraude, a corrupción e os conflitos de interese un principio fundamental a respectar na xestión dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o curso detalla cales son os puntos e aspectos principais a ter en conta.

Así, a protección deste principio instrumentase a través dos plans de medidas antifraude que deben elaborar e aprobar as distintas entidades que participen na xestión destes fondos. Ademais, na súa condición de principios de xestión, os plans deberán incluír medidas para evitar o dobre financiamento e para garantir o cumprimento da normativa vixente en axudas de Estado.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais e persoal de administración e servizos (PAS) das Universidades do Sistema Universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).

PROGRAMA

Módulo 1. O Mecanismo de Recuperación e Resiliencia: puntos esenciais e principios do sistema de xestión.
Módulo 2. A fraude, a corrupción e o conflito de interese: definicións e conceptos previos. O conflito de interese. O réxime de axudas de Estado: descrición. O dobre financiamento.
Módulo 3. O ciclo antifraude. A avaliación do risco de fraude: procedemento. Os indicadores de risco de fraude.
Módulo 4. O plan antifraude: estrutura, contido e exemplos. Outros documentos a ter en conta. A fraude e a corrupción dende a perspectiva do dereito penal.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP.

3. DATOS EDICIÓN

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 17/04/2024 a 07/05/2024

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 13/05/2024 ás 17:00h

DOCENTES NOMEADOS

PABLO LEIS MOL

LUGAR DE REALIZACIÓN

En liña.